

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai público o día e a hora de realización da proba de lingua galega e o día e a hora de realización do sorteo público para a designación dos/as vogais dos tribunais de valoración da proba de lingua galega nos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia convocado mediante a Orde do 19 de outubro de 2022 (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de errores, DOG n.º 216, do 14 de novembro).*

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no último parágrafo da base 3.2 da Orde do 19 de outubro de 2022 relativa a determinación do día e hora de realización da proba de lingua galega nos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**RESOLVE:**

Primeiro. Facer público o día e hora de realización da proba de coñecemento de lingua galega que terá lugar o día 28 de febreiro de 2023, ás 18.00 horas, no IES As Fontiñas (rúa Estocolmo 5, Santiago de Compostela).

Segundo. Facer público, no enderezo web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), o día e hora de realización do sorteo público para a designación dos/as vogais que integrarán os tribunais de valoración da proba de coñecemento de lingua galega que terá lugar o día de 2 de febreiro de 2023, ás 9.00 horas, na Sala de Xuntas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela.

Terceiro.- Unha vez realizado o dito sorteo, facer pública, no enderezo web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), a composición das persoas integrantes dos tribunais de valoración da dita proba.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo